

**La financiación empresarial:  
exposición teórica y análisis de la operativa.  
Estudio de casos reales desarrollados en Excel**

BEGOÑA ÁLVAREZ GARCÍA / LUCÍA BOEDO VILABELLA  
Barcelona: Inforbook's. 2011  
[188 páxinas]

*Recibido:* 11 de abril de 2012

*Aceptado:* 7 de maio de 2012

Ante o novo reto metodolóxico que supón o Espazo Europeo de Educación Superior, un libro como o que presentamos é sempre unha grande axuda para a docencia universitaria. O proceso de ensinanza-aprendizaxe debe estar orientado cara á adquisición das competencias que lle permitan ao estudante desenvolver unha aptitude adecuada de cara ao exercicio da profesión. Por iso a formulación metodolóxica do texto das profesoras Álvarez García e Boedo Vilabella constitúe unha boa ferramenta de apoio ás clases expositivas e, principalmente, interactivas nas que se articula a docencia dos novos plans de estudo.

A temática do texto xira en torno a algunhas das fontes de financiamento empresarial tradicionais, polo que resultará especialmente de utilidade para os estudantes de Administración e Dirección de Empresas, e de interese para outras titulacións de grao e de máster, así como para calquera persoa interesada na materia, tan de actualidade dada a difícil situación que vive o sector empresarial na busca de recursos para financiar a súa actividade e os seus investimentos.

Concretamente, ao longo dos capítulos 2 a 5, o texto trata a operativa do préstamo bancario, a emisión de obrigas, a póliza de crédito e o desconto bancario, respectivamente. Cada un destes catro capítulos comeza cunha exposición teórica das principais características de cada unha das alternativas financeiras (unha aproximación conceptual, tipoloxía, aspectos legais, etc.), cun grao de profundidade non excesivamente elevado, aínda que si parte dun certo grao de coñecementos por parte do lector. A continuación, e cunha clara vocación didáctica, preséntase a operativa matemática que implican estas operacións a través de casos prácticos reais, o que lle ofrece ao estudante un maior atractivo para o estudo da materia. Coñecer as características dos contratos reais, as condicións que se aplican e a terminoloxía utilizada permítelle ao estudante comprobar a utilidade dos coñecementos teóricos aprendidos no mundo real.

Así mesmo, a resolución dos casos preséntase na folla de cálculo Excel, imprescindible hoxe en día na práctica profesional do ámbito financeiro, o que lle engade un maior valor á aprendizaxe ao permitir o desenvolvemento desta competencia técnica, fundamental para os futuros titulados universitarios. En todo momento, e sempre que a análise o requira, o texto non escatima esforzos en explicacións sobre as funcións de Excel empregadas nos exercicios, abranguendo así calquera nivel de

coñecementos por parte do estudante, posto que é frecuente que existan diferenzas neste sentido entre o alumnado dun mesmo grupo. De feito, o libro dedícalles un primeiro capítulo aos aspectos máis básicos de Excel, que logo serán aplicados nos seguintes capítulos, permitíndolles a aqueles lectores que o precisen unha introdución ou un repaso a eses aspectos básicos.

Malia a limitación temática a catro instrumentos de financiamento da empresa, é importante recoñecer que cando menos tres deles –préstamo, crédito e desconto– foron os produtos bancarios tradicionais máis utilizados polo sector das pequenas e medianas empresas, sector que inclúe o maior número de empresas do noso país e, polo tanto, cara a onde habemos de intensificar os esforzos na formación do noso alumnado. É fundamental que os futuros titulados coñezan a operativa á que no futuro se enfrontarán día a día na práctica laboral e, na medida do posible, que se vayan familiarizando cos documentos reais nos que se formalizan as operacións financeiras, coa avaliación do custo destas operacións, cos usos e regras financeiras aplicadas na análise e co deseño das súas propias ferramentas para o cálculo de rendibilidades e custos; isto é, con todos aqueles aspectos da práctica financeira que dalgún modo se trataron de recoller no texto.

As autoras do libro, doutoras pola Universidade da Coruña, acreditan unha dilatada experiencia como docentes de materias financeiras tanto a nivel de licenciatura como de máster, así como investigadoras no ámbito financeiro, ao que cómpre sumarlle a realización de traballos para o sector privado e xudicial relacionados con diversas cuestións financeiras. Todo isto as fai coñecedoras das dificultades que ás veces se presentan para conseguir trasladarlles aos estudantes a temática financeira de forma que alcancen a percibir a utilidade práctica do traballado na aula. Por iso entre todos os posibles beneficiarios desta obra hai que sinalar, tal e como comentamos ao principio, o seu uso como complemento bibliográfico na docencia universitaria.

LORETO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ  
Universidade de Santiago de Compostela